



Acordo de creación do Servizo de Mediación do ICA de Santiago

A Xunta de Goberno do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, na sesión do 20.01.2014, ao abeiro do establecido na Lei 5/2012, do 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís e co obxectivo de impulsar a mediación no ámbito deste colexio de avogados, acorda por unanimidade o seguinte:

1. Constituír o Colexio como institución de mediación en asuntos civís e mercantís e crear o Servizo de Mediación do ICA de Santiago.
2. Crear un rexistro de mediadores para que todos os letrados coa correspondente formación nesta materia poidan solicitar a súa inclusión.
3. Aprobar as Normas reguladoras do Rexistro de Mediadores, o Regulamento do Servizo de Mediación do ICA de Santiago, así como os dereitos colexiais pola xestión e a administración do devandito servizo e a táboa de honorarios polos servizos profesionais dos mediadores.
4. Crear o ficheiro «Servizo de mediación e rexistro de mediadores do ICA de Santiago» e inscribilo na AEPD como ficheiro de carácter persoal de titularidade pública do ICA de Santiago (BOP da Coruña núm. 292 do 23.12.2005).

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2014